

ANTONIO QUESADA

dende o sentimento

Co mes de febreiro traemos nova mostra centrada nun dos grandes paisaxistas do panorama plástico español. Con este motivo, a nosa Área Educativa debulla un interesante programa de visitas para escolares que podes descubrir a seguir.

Busca, observa e captura! | Infantil a 3º de primaria.

As paisaxes de Quesada, onde a pincelada se transforma en mancha, serán fonte de inspiración para esta visita-conto coa nosa mascota Pintafontes. Os máis pequeniños irán á caza das manchas de cor, practicando un xeito distinto de entender a pintura.

Experimentación ou intuición? Esa é a cuestión | Desde 4º de primaria a 2º de ESO.

Seguindo os pasos autodidactas de Quesada, que aprendeu observando, experimentando e mesturando, descubriremos no obradoiro o noso talento creativo.

Antonio Quesada. Dende o Sentimento | Ciclos Formativos e bacharelato.

Visitas-obradoiro

Prezo: 1 €/participante

Sala de Exposicións Teatro Afundación

Policarpo Sáenz, 13 | areaeducativavigo@afundacion.org | 986 129 032



A túa opinión conta!
afundacion.org

//Afundación

Obra Social ABANCA